



# Teorías do fin





Reunido o xurado da 37ª. Edición do Premio Cidade de Ourense de poesía o 14 de outubro do 2021, presidido polo alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, e composto por César Lorenzo Gil, Xosé Rodríguez Díaz e Lorena Conde Martínez, actuando como secretaria, con voz e sen voto, a técnica de Normalización do Concello de Ourense, Mónica Fernández Valencia, acordou por maioría concederlle o premio á obra *Teorías do fin*, de Antonio Seijas.

1ª. edición, 1ª. impresión, 2022

© Antonio Seijas, 2022

© Aira editorial, 2022  
Follas Voadoras, SL  
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo  
32660 Allariz

aira@airaeditorial.gal  
airaeditorial.gal

Deseño da tapa: Jorge Campos.  
Ilustración da tapa: Antonio Seijas.

Impresión: La Imprenta CG, Paterna, País Valenciano.

ISBN: 978-84-124512-6-9  
Depósito legal: OU 66-2022


Reservados todos os dereitos.  
Esta obra está protexida pola lei.





# Teorías do fin

Antonio Seijas




Aira





1

**BIG FREEZE**

**Big Freeze.** *A gran conxelación. A entropía tende a aumentar neste universo en expansión. Fin das diferenzas térmicas. O espazo baleiro entre galaxias será cada vez máis escuro e frío. As estrelas estarían condenadas á morte térmica ao esgotaren o seu combustible nuclear. Universo frío, morto e baleiro.*



## I

O demo corre  
con traxe e zapatos  
pola herba verde  
Corre coma o outono  
cando anticipado asoma no verán  
Cando os días berran dourados

O demo non é máis que un home distinto  
con máscara vermella  
Cos ollos tan abertos  
que chegou a ver a realidade  
Amigo dos vellos de cortiza  
Amigo dos nenos de onte

A familia dos aires mornos  
leva o perfume da indecisión  
Campos abertos como refuxio da memoria  
Desexo e reliquias  
Mírame como se fose quen ti quixeses ver  
Como se as decepcións  
fosen pantasma que nunca viches  
Só expiración da néboa

## II

O olor:

Da auga pozada nas charcas

Da terra mollada e as miñocas

Das brañas e o fiúncho

Dos derradeiros talos do maízo que rendidos podrecen

Do estrume dourado devorado pola calor

Da herba e o sangue reseco nos xeonllos

de cando as crianzas comían a terra da vida

a mancheas

Sen freo nin pausa

Coa voracidade acelerada

da vertixe do descubrimento previo á extinción

Planetas extrasolares

As follas esmagadas polos lugares

onde non nos atopamos

O cheiro penetrante

do xurro

xorde

xordo

O demo é só un home que camiña

No rebumbio compasado das cantariñas

ti orbitabas a centos de metros por enriba da miña

[cabeza

Só tratei de arrincar días aos días  
recortar as desvantaxes da vida non vivida  
Coller o aire a presadas  
Tragalo coa ansiedade  
de quen procura o sol  
para beber o lume  
Xustificando cada erro  
Chorando o desatino  
Inevitable veneno  
o destino

O demo foi  
nun tempo  
un neno de onte  
Cando aínda había luz no mundo

No seu

Retornar no sorriso das corolas  
(engado de insectos)  
dun campo de papoulas  
Desprezo da memoria do que fun  
Desprenderse dun mesmo  
sen decatarse  
no recanto do verán  
que se pousa nas leiras  
mentres os animais pacen calmos  
e os insectos trazan órbitas excéntricas ao seu redor